

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 01-09-2025, ditou a resolución con número 2484/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (GRUPO C, SUBGRUPO C2)

EXPEDIENTE: 2022/E001/000043 – AUXILIAR ADMINISTRATIVO

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización”, derivada da Lei 20/2021, inclúese seis (6) prazas de funcionario de carreira no posto de **Auxiliar Administrativo** (Grupo C, Subgrupo C2; Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar) para a súa cobertura en quenda libre e mediante o sistema de concurso (DA 6ª Lei 20/2021).

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3600/2022 do 28/11/2022 aprobáronse as bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público.

Publicouse anuncio da aprobación das bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 229, do 02/12/2022.

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 do concello de Carballo no Boletín Oficial do Estado núm. 301, do 16/12/2022.

Segundo.- Finalizado o proceso selectivo, en sesión celebrada o 28/05/2024, o órgano selectivo na súa acta fai pública a puntuación final total dos aspirantes que teñen superado o proceso selectivo, coa relación final das persoas aspirantes seleccionadas para a ocupación das prazas convocadas, e procede a propoñer a Alcaldía o nomeamento como persoal funcionario de carreira nas seis (6) prazas de **Auxiliar Administrativo**.

Así mesmo, segundo ao indicado na Base Oitava das bases reguladoras do proceso selectivo, «As persoas que non superen o proceso selectivo incluíranse en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou xa existentes.»

Se ben, «*polo incumprimento dos requisitos esixidos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira*» da aspirante proposta GIRG, procedese ao nomeamento como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza de **Auxiliar Administrativo** á seguinte persoa aspirante proposta polo tribunal selectivo, PLPG.

Así, segundo ao antedito, o órgano selectivo na súa acta final propón ás seguintes persoas aspirantes para a conformación da **listaxe de agarda** de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de **Auxiliar Administrativo**:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	Baremación CONCURSO		
				6. A)	6. B)	TOTAL
1	MACIAS MARIÑO	ROSA MARIA	***5052**	90	9,60	99,60

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	Baremación CONCURSO		
				6. A)	6. B)	TOTAL
2	PASTORIZA VARELA	VANESSA MARIA	***0141**	80	10	90
3	RIOS PEREIRO	ANA MARIA	***0693**	72,85	10	82,25
4	SOTO LOPEZ	MARIA JOSE	***9340**	60,75	10	70,75
5	LEMA COUSILLAS	PAULA MARIA	***8830**	48,5	10	58,5
6	PAZOS SANCHEZ	EMMA	***0487**	34,875	10	44,875
7	MOSQUERA PEREZ	ISABEL	***7794**	20	10	30
8	NOVO POSE	MARTA MARIA	***6882**	17,625	10	27,625
9	LOPEZ MATO	PATRICIA	***3284**	0	10	10
10	ROMERO TRABA	MIRIAM	***2520**	0	10	10
11	REGUEIRO RODRIGUEZ	MARIA HELENA	***9071**	0	10	10
12	TASENDE LOPEZ	IRMA	***1818**	0	0	0
13	PEREZ MUÑIZ	ANA MARIA	***2672**	0	0	0

Base 6. A) Experiencia profesional

Base 6. B) Formación académica e non académica

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a creación dunha **listaxe** para a cobertura temporal de prazas de **Auxiliar Administrativo** (Grupo C, Subgrupo C2), como **persoal funcionario interino**, nos supostos regulados no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta final e de conformidade ao indicado na Base Oitava da convocatoria.

Listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de Auxiliar Administrativo (Grupo C, Subgrupo C2) do Concello de Carballo:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI
1	MACIAS MARIÑO	ROSA MARIA	***5052**
2	PASTORIZA VARELA	VANESSA MARIA	***0141**
3	RIOS PEREIRO	ANA MARIA	***0693**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
4	SOTO LOPEZ	MARIA JOSE	***9340**
5	LEMA COUSILLAS	PAULA MARIA	***8830**
6	PAZOS SANCHEZ	EMMA	***0487**
7	MOSQUERA PEREZ	ISABEL	***7794**
8	NOVO POSE	MARTA MARIA	***6882**
9	LOPEZ MATO	PATRICIA	***3284**
10	ROMERO TRABA	MIRIAM	***2520**
11	REGUEIRO RODRIGUEZ	MARIA HELENA	***9071**
12	TASENDE LOPEZ	IRMA	***1818**
13	PEREZ MUÑIZ	ANA MARIA	***2672**

Segundo.- Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na **Instrución** vixente, no momento do chamamento da persoa aspirante, sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo.

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria Accidental

Carmen del Río Rodríguez

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000043
Exp. 2025/G003/002558

no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria Accidental
Carmen del Río Rodríguez